



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego

Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01514			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gomez Lopez, Elisa			
Profesorado	Gomez Lopez, Elisa			
Correo-e	elisa.gomez@mpsa.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é unha introdución á interpretación de enlace na que se realiza unha presentación teórica xeral sobre as diversas técnicas, modalidades e estratexias da interpretación. Nesta materia tamén se tratan os principais ámbitos nos que se leva a cabo a interpretación de enlace. Por último, realízanse prácticas de interpretación de enlace inglés/galego nun amplo abano de ámbitos.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A6	Utilización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A12	Posuír unha ampla cultura
A13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A20	Facilidade para as relacións humanas
A21	Rigor e seriedade no traballo
A23	Uso de ferramentas de tradución asistida
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade

B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B21	Sensibilidade co medio
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rixen a interpretación de enlace.	A2 A8 A9 A17 A21	B6 B8 B9 B10 B15 B23
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación de linguas, concretamente da interpretación de enlace.	A2 A8 A9 A17 A18 A21	B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B15 B17 B18 B19 B22 B23
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	A1 A2 A3 A4 A12 A13 A17 A18	B1 B6 B9 B15 B17 B22 B23
Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación de enlace.	A5 A6 A7 A8 A11 A14 A16 A17 A18 A19 A21 A23	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B12 B13 B14 B15 B22 B23 B24

Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos de traballo e concretamente nos ámbitos de traballo da interpretación de enlace.	A2	B8
	A9	B11
	A17	B12
	A20	B13
	A21	B16
		B18
		B19
		B20
		B21
		B22
		B23
		B24

## Contidos

Tema	
Bloque Teórico	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.1. Técnicas de interpretación</li> <li>1.2. Modalidades de interpretación</li> <li>1.3. Modelo de esforzos e modelo gravitacional de dispoñibilidade lingüística</li> <li>1.4. Estratexias de interpretación de enlace <ul style="list-style-type: none"> <li>1.4.1. División da atención</li> <li>1.4.2. Axilidade mental</li> <li>1.4.3. Capacidade de síntese e análise</li> <li>1.4.4. Reformulación-Paráfrase</li> <li>1.4.5. Imaxe mental</li> <li>1.4.6. Memoria a curto prazo</li> <li>1.4.7. Introducción á toma de notas</li> <li>1.4.8. Comunicación non verbal</li> <li>1.4.9. Intelixencia emocional (Xestión do estrés)</li> </ul> </li> </ul>
Bloque práctico: ámbitos de aplicación da interpretación de enlace	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.1. Interpretación nos medios de comunicación</li> <li>2.2 Interpretación social</li> <li>2.3 Interpretación nos Servizos Públicos</li> <li>2.4 Interpretación nos Negocios</li> <li>2.5. Interpretación Diplomática</li> </ul>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5	10	15
Actividades introductorias	2	4	6
Presentacións/exposicións	8	22	30
Foros de discusión	0	4	4
Traballos de aula	30	57	87
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	6	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Trátase de clases teóricas nas que se expoñen os aspectos máis relevantes da teoría da interpretación. A profesora explicará os aspectos teóricos e os alumnos deberán realizar unhas lecturas obrigatorias e entregar resumos das devanditas lecturas. Os resumos entregados polos alumnos formarán parte da avaliación.
Actividades introductorias	Trátase dunha actividade introductoria na que se presentará o temario da materia, así como a metodoloxía que se aplicará. Tamén se presentará o modo de avaliación.
Presentacións/exposicións	Actividade teórico-práctica na que os alumnos farán unha exposición en grupo sobre os distintos ámbitos nos que se leva a cabo a interpretación de enlace. As exposicións irán acompañadas dun role play e un glosario relacionados co ámbito de aplicación escollido por cada grupo.
Foros de discusión	Actividade práctica orientada á resolución de problemas e dúbidas, especialmente de carácter técnico e terminolóxico.
Traballos de aula	Trátase de traballo práctico no que se van realizar actividades secuenciadas relacionadas coas principais estratexias de interpretación de enlace e exercicios prácticos de interpretación de enlace nos diferentes ámbitos. A profesora tamén orientará aos alumnos sobre os traballos prácticos de interpretación que deberán facer pola súa conta, algúns dos cales serán avaliados.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Os resultados dos traballos prácticos realizados tanto na clase como fóra da clase serán comentados coa profesora durante as titorías personalizadas. Unha vez asignados os temas das exposicións, os distintos grupos realizarán unha reunión coa profesora para preparalos. Ao remate das mesmas, volverán reunirse coa profesora para comentar os resultados. Todas as dúbidas que se presenten, tanto durante as clases maxistras como durante a realización dos traballos prácticos e as exposicións na clase, poderán resolverse mediante consulta á profesora en horario de titorías ou empregando o [foro de dúbidas] que se abrirá a tal efecto en FAITIC.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Todos os alumnos deberán entregar un resumo sobre un dos aspectos teóricos presentados durante as sesións maxistras.	10
Presentacións/exposicións	Todos os membros dun mesmo grupo recibirán a mesma cualificación pola exposición que realicen na clase. É importante, polo tanto, ser quen de traballar ben en equipo.	20
Foros de discusión	Todos os alumnos deberán aportar comentarios sobre dúbidas/problemas que aparezan durante o desenvolvemento da materia, mediante o uso do [foro de dúbidas] que se creará a tal efecto en FAITIC.	5
Traballos de aula	Os alumnos realizarán e entregarán un mínimo de 3 traballos de interpretación durante o cuadrimestre e será necesario ter como mínimo un 5 para aprobar.	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Todos os alumnos deberán facer unha proba que será corrixida e avaliada. Esta proba terá lugar na derradeira semana do cuadrimestre e será necesario ter como mínimo un 5 para aprobar.	35

#### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para a avaliación continua é imprescindible cumprir cun mínimo do 80% de horas presenciais e realizar todos os traballos de aula e exposicións que se explican polo miúdo na presente guía.

Aqueles alumnos que renuncien á avaliación continua terán que facer un exame final na derradeira semana do cuadrimestre que consistirá na realización dunha interpretación de enlace sobre algún dos temas incluídos no temario. A cualificación obtida no exame final será a cualificación final da materia.

Na convocatoria extraordinaria de xullo o estudantado realizará un exame final na data oficial que consistirá na realización dunha interpretación de enlace sobre algún dos temas incluídos no temario. A cualificación obtida no exame final será a cualificación final da materia.

#### Bibliografía. Fontes de información

BAIGORRI, J., **La Interpretación de conferencias: el nacimiento de una profesión**, 2000,  
 COLLADOS, A. e FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, MM., **Manual de interpretación bilateral**, 2001,  
 GENTILE, A., OZOLINS e VASILAKAKOS, M., **Liaison interpreting: A Handbook**, 1996,  
 GILE, D., **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, 1995,  
 GILLIES, A., **Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course**, 2005,  
 HERBERT, J., **The interpreter's handbook**, 1956,  
 LEON, M., **Manual de Interpretación y Traducción**, 2000,  
 ROZAN, J.F., **La prise de notes en interprétation consécutive**, 1956,  
 UGARTE, X., **La pràctica de la interpretació anglès-català**, 2010,

Durante o curso a profesora indicará que lecturas son obrigatorias e orientará ao estudantado sobre a bibliografía específica para a realización das exposicións orais.

#### Recomendacións

##### Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01617  
 Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01601

##### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210

